# Camiño de inverno

## de Ponferrada a Compostela

lugares únicos | heroínas e anfitrións

Camiño de inverno
de Ponferrada a Compostela

EDICIÓN | 2020 |

**ALUMNI USC**
**Asociación de Antigos Alumnos e Amigos**
**da Universidade de Santiago de Compostela**
Casa da Concha
Universidade de Santiago de Compostela
15782 Santiago de Compostela
TEL_ 981 580 624 E-MAIL_ alumni@usc.es
**www.alumniusc.gal**
https://www.facebook.com/alumniUSC.asociacion/
https://www.linkedin.com/pub/alumni-usc/ba/a57/b5a

FOTOGRAFÍA
José Manuel Ortigueira Bobillo

REDACCIÓN E DOCUMENTACIÓN
Manuel Fraga Carou

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ana Cividanes Álvarez

PRODUCIÓN GRÁFICA
Campus na Nube

FIRMA INVITADA
Xabier Quiroga

**PROXECTO CAMIÑO DE INVERNO**

PATROCINADORES
Xunta de Galicia / Xacobeo 2021
Oca Hotels
LA GALICIANA

COEXPOSITORES
Ecomuseo Pazo de Arxeriz
Museo Etnográfico Municipal de Quiroga

COLABORADORES
Concello de Monforte de Lemos
Concello de Quiroga
Vía Láctea Comunicación
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
Asociación Amigos do Camiño de Santiago por Valdeorras
Asociación Camino de Invierno a Santiago por El Bierzo

DIRECCIÓN
José Manuel Ortigueira Bobillo

DEPÓSITO LEGAL: C 262-2020



Camiño de inverno
de Ponferrada a Compostela

# Camiño de Inverno. Natureza e Cultura

Galicia é unha das terras de España máis claramente identificadas coa súa Historia, a súa paisaxe e co seu patrimonio cultural. Unha riqueza que se evidencia nas rutas xacobeas, das que forma parte o denominado Camiño de Inverno, itinerario pleno de espazos naturais ben significados, de vellos mosteiros e templos parroquiais espallados por unha xeografía sacra vencellada á identidade do país.

Nesta variante meridional do Camiño Francés, que une Ponferrada con Santiago de Compostela, vanse sinalando algunhas das paisaxes máis características da Galicia interior -o val do Sil, as terras de Lemos, a Ribeira Sacra do Miño, o Deza, o val do Ulla-, pois o de Inverno é o único itinerario xacobeo no que participan as catro provincias. Ao longo destes espazos sucédense treitos a media altura, vales, montes e ribeiras. Aos ecosistemas do Sil e do Cabe seguen as crebadas marxes do Miño, plenas de vide, o ascético ascenso ao monte Faro e as amenas terras da comarca do Deza e do val do Ulla.

Neste marco natural, fondamente transformado pola acción humana, foise creando a través de séculos de historia cultural un rico patrimonio que monumentaliza o percorrido, cuxa valorización, estudo e promoción é obxectivo primordial das Administracións públicas, de académicos e investigadores, pero tamén do asociacionismo xacobeo, un voluntariado moi activo e responsable, protagonista do inicio da recuperación e posta en valor do Camiño de Inverno.

Piares fundamentais desta ruta son, polo tanto, os seus potenciais ecolóxicos, paisaxísticos, patrimoniais e gastronómicos. As comunidades animais e vexetais que viven no medio natural, en harmonía coa viticultura e o patrimonio construído, son parte esencial duns espazos xeográficos que son características da Galicia interior e que fan recoñecibles algunhas das máis senlleiras sinais de identidade do país.

Este catálogo sobre o Camiño de Inverno, froito dun inspirado traballo intelectual e artístico que contou co apoio do proxecto O Teu Xacobeo, amosa moi ben toda esta riqueza na que se integra a Ribeira Sacra, corazón vivo deste itinerario xacobeo, espazo natural e cultural que aspira á categoría de Patrimonio Mundial. Trátase, polo tanto, dun traballo colectivo que revaloriza unhas terras intimamente vencelladas á nosa herdanza histórica e cultural, ao pasado de Galicia pero tamén ao noso futuro; riquezas obxectivas coas que contamos para sentar proxectos capaces de contribuir ó desenvolvemento do futuro común.

Unha tarefa que debe ser atendida por toda a sociedade e os seus representantes, polo que a Xunta de Galicia agradece a cooperación e a xenerosidade demostradas por todas aquelas entidades que participaron na concreción deste proxecto sobre o Camiño de Inverno. Creando entre todos políticas axeitadas para o coidado e promoción das nosas potencialidades, ofrecéndoas dignamente ás xeneracións futuras, conseguiremos facer delas referentes que, en definitiva, nos beneficien co seu prestixio e a súa memoria.

**Román Rodríguez González**
Conselleiro de Cultura e Turismo
Xunta de Galicia

# Alumni USC e o Xacobeo 2021

Orgullo, agradecemento e compromiso. Son tres sentimentos e actitudes que se corresponden coa enorme satisfacción que me produce o proxecto expositivo e social *Camiño de Inverno. De Ponferrada a Compostela* realizado pola nosa asociación. Quixemos participar de forma activa na gran efeméride do Xacobeo 2021, de aí que nos embarcásemos nesta acción singular e mesmo comprometida para Alumni USC. Nunca antes se abordou un programa desta natureza, de aí o meu orgullo, agradecemento e compromiso cidadán.

Alumni USC posúe preto de setecentos socios de número e unha trintena de socios protectores. Ademais da nosa actividade institucional e cultural, mantemos desde hai moitos anos un dinámico e entusiasta club de sendeirismo, de cuxa base xurdiu esta feliz idea que nos conecta directamente coa sociedade, principal teima desta xunta directiva. O Camiño de Santiago, os camiñantes e peregrinos, a riqueza humana, paisaxística e monumental da ruta de Inverno, a produción propia das fotografías, as achegas dos museos etnográficos da Ribeira Sacra, este magnífico catálogo, a participación das tres asociacións de Amigos do Camiño (Ribeira Sacra, Valdeorras e Bierzo), as catas nas súas adegas e os faladoiros constitúen os ricos ingredientes deste proxecto cobizoso e social. Estamos ante unha experiencia única de cooperación.

E o *masterchef* chámase José Manuel Ortigueira Bobillo, un socio xeneroso e incansable que se desviviu por el en canto logramos a relevante axuda económica do programa O teu Xacobeo. Así que quero expresarlle nestas liñas a miña gratitude e recoñecemento no nome da asociación. Igualmente quero agradecer a súa implicación a todas as persoas que axudaron ou participaron nesta iniciativa, así como o extraordinario traballo profesional da deseñadora gráfica Ana Cividanes Álvarez, cuxa creatividade contribuíu a unha óptima comunicación visual.

Finalmente, cómpre subliñar o relevante patrocinio de dúas firmas comerciais á hora de completar o presuposto necesario para poder encaralo: OCA Hotels e Mercado La Galiciana.

**Benita Silva Hermo**
Presidenta de Alumni USC

# Heroínas e anfitrións

O Camiño de Inverno é unha vía alternativa ao Camiño Francés pola que optaban moitos peregrinos para entrar en Galicia, evitando os montes nevados do Cebreiro. Desde Ponferrada, o camiño pasa polas Médulas e segue o cauce do Sil; podemos falar dun camiño xeolóxico, o camiño natural de comunicación da Meseta con Galicia. É a vía romana, o único sendeiro que percorre as catro provincias galegas. Alumni USC asumiu o reto de plasmar nunha exposición a realidade viva do Camiño de Inverno, deixando constancia da identidade da sociedade civil, a que traballa polo desenvolvemento do camiño, con especial atención á economía rural e social. Algunhas persoas son representantes das asociacións do camiño, outras son guías, xestores de albergues, relixiosos, comunicadores, artistas... Todas elas forman parte das heroínas e anfitrións do Camiño de Inverno, esas persoas ás que lles debemos a promoción desta senda de máis de 250 quilómetros que vai de Ponferrada a Compostela.

E non nos esquecemos dos recursos patrimoniais. Porque este camiño está cheo de lugares únicos, conta con mostras relevantes de arquitectura relixiosa e civil, ríos e pontes, mosteiros e castelos. Moi variado na súa xeomorfoloxía, dispón de moitas paisaxes con encanto, nas que se comproba a interacción da natureza co traballo humano.

A senda atravesa dúas denominacións de orixe vinícolas (Valdeorras e Ribeira Sacra) e o Xeoparque Montañas do Courel. E parámonos en Quiroga porque é un lugar de referencia na produción de olivas e aceite en Galicia, unha fonte de desenvolvemento rural.

Un agradecemento inmenso a todos os patrocinadores e colaboradores. Quero destacar dun xeito especial a participación na exposición do Ecomuseo Pazo de Arxeriz e do Museo Etnográfico Municipal de Quiroga, que contribúen a facer a mostra máis aberta e completa.

Como conclusión, despois de falar cos distintos interlocutores, semella necesaria a realización dun *Plan de desenvolvemento integral do Camiño de Inverno*, coa participación da administración e dos axentes económicos, sociais e culturais. É fundamental a colaboración e coordinación entre todos, para abordar as infraestruturas a pór en marcha, os elementos de promoción e o entroncamento coas iniciativas comarcais dos lugares de paso. O Camiño de Inverno é o camiño da biodiversidade, onde se xuntan os climas mediterráneo e atlántico. Unha senda con música que abraza os dous grandes ríos galegos. A vía dos sentidos, sae o sol nas Médulas e ponse no Pico Sacro. Temos que manter a esencia do Camiño de Inverno, de Ponferrada a Compostela, un camiño para sentir, para compartir, para vivir.

**José Manuel Ortigueira Bobillo**

Director do proxecto e autor das fotografías

## «o namoro»

Oxentil Pancracio era outro ser do mundo este que, procurándose, viña de lonxe polo Camiño de Inverno, e se xa o seu nome significa «todopoderoso», ao seu carácter haberá que apoñerlle afouteza, desexo de vivir novas experiencias e de coñecer recantos e persoas que enchan o espírito. De aí que, tras enchouparse de todo e saber de case nada, o que só lle acontece aos nada cretinos, intentase coma tantos achegarse a Compostela. E niso estaba, xunto con outros compadres.

Pero aconteceu que, xa polas beiras do Sil e coas neves do Piapaxaro á vista, en pasando San Clodio, un vello moi vello, de barba branca e mirada aleuta co que parou a conversar, lle contou que «Un case nada desviado do Camiño Real, seguindo este río e logo o outro ata o mesmo Belesar, existe un paraíso que paga a pena descubrir». Preguntado que tiña de especial esa ribeira, o ancián ensinou o dente e alongou a vista cara á tona da auga que tiñan ao lado, para, a seguir, proclamar «Todo e nada, pois depende de cada un, pero se ao cabo tés sorte e atopas as Xacias, non precisarás máis que velas e namorar».

Malia que Pancracio quixo saber máis daquela proposta e daqueles seres, o vello recolleu a fala e perdeuse na fronde apoiado no seu caxato. Pero como o misterio xa lle aniñara dentro, unha vez nas Augasmestas, sen

pensalo nin un aquel, o peregrino despediuse dos demais e decidiu botarse polo sendeiro que, a pé do río, o levaba cara ao descoñecido.

Puido así descubrir os meandros da Cubela e da Barxa, percorrer os soutos de Tronceda, un val ignoto e agreste onde tampouco estaban seguros pero algo oíran falar, «Sempre de cara alá», desas criaturas da auga, e chegar a Cristosende e Barxacova, onde atravesou o Sil nunha barca. Nela, si, a barqueira deu conta do que ao mellor non era canfurnada, porque «Metade home metade peixe, seica volven tolos aos homes e acotío encantan o seu espírito».

Superados os socalcos de Amandi, xa polos carreiros de Barantes e á vista daquel fragor de río que fende a terra como palmela de arado e descobre Santa Cristina ou Santo Estevo e mais esas fragas vizosas que tollen o pensamento de quen se detén a contemplar, camiñou cun romeiro da Nosa Señora de Cadeiras que, en pasando o Cabe, quería rezar en Pombeiro, e ao que lle preguntou pola teima que lle latexaba no caletre.

«A xacia é unha fada que habita nas profundidades do río», descubriulle por fin, e aínda confirmou «Eu non, pero hai quen di telas visto Miño arriba, cara a Marce. Sabes onde che digo?».

Pancracio, que non sabía pero quería descubrilo, agradeceu as verbas e a compaña e proseguiu o seu camiño. Pero a cada a paso que daba, tras cada sombra que o acollía, con cada grolo de auga que bebía e que deitaban as fontes que escorren todas para o río maior, máis tentado se sentía. Por iso chegou ata os Peares e non se detivo, non, virou cara ao norte e acadou santo Estevo de Atán. Aí si, recibiu o aviso: «Se vas, vélate delas, meu».

O informante non atinou a concretar se era lenda ou non, «Pero aquí ao lado, a xacia da que eu che falo, da que deu conta meu avó, que por veces collía forma humana e por veces de peixe, segundo o que precisase en cada momento, prendou dun rapaz de Marce que ía pescar sempre á Pena do Castro, xusto por riba da poza na que ela moraba. Entón agardouno espida e bañándose na fervenza por onde el pasaba, e logo...». O que a seguir levaban e traían as rexoubas da xente seica xa non estaba escrito, por cruel, a non ser na memoria dos máis antergos, pero el, «Líbreme o ceo se quero gozar dese tesouro!».

Non fixo caso Pancracio, e se o fixo tampouco se saberá, pero con arroubo escoitou doutra veciña do lugar a versión de que, «Se o nome xa é precioso, Augacaída, tamén e como debe ser a xacia o era naquel corpo de muller, e se por riba se puxo a cantar, que cantan que engadan, el, atraído por tal fermosura, foise achegando achegando ata vela. Imaxina o que alí pasou. Imaxina o que alí sentiu. Non lle quedou outra, ai logo!».

Contan os ventos ceibos que, desde o sur, lamben o Penedo do Garabullo, peitean Sernande e se esforzan ata Cabo do Mundo por non atallar por Nogueira do Miño, os mesmos que viran en Pincelo ese presentan, avelaíños, en Belesar, onde polos Cóbados baixaron e o agardaron un tempo os compadres de Pancracio, que este home máis nunca apareceu.

Enredado nuns cabelos ou enchoupado do salvaxe recendo da Ribeira, conquistado polos caldos ou enmeigado pola maxia do que non se conta pero se presinte, Pancracio, seguramente, deu consigo ou namorou. Digo eu.

**Xabier Quiroga**
Xaneiro 2020

# Ecomuseo Pazo de Arxeriz

Trinta e cinco hectáreas de terreo e un pazo do século XVII conforman o espazo onde se salvagarda a memoria da vida tradicional na Ribeira Sacra.

Estamos en Arxeriz, no concello do Saviñao, na bocarribeira do Miño, xusto diante do afamado meandro O Cabo do Mundo. A Fundación Xosé Soto de Fión inaugurou as primeiras salas do Ecomuseo Pazo de Arxeriz no ano 2004 e, dende aquelas, non deixou de traballar para investigar, estudar, recuperar, conservar e divulgar os aspectos máis destacados da nosa contorna, onde teñen cabida a natureza e paisaxe, a arqueoloxía, a historia, a etnografía, a antropoloxía e a arquitectura tradicional. O pazo e as súas construcións adxectivas reflicten o bo facer das técnicas tradicionais, que comezaron a ser aplicadas pola Escola Taller Terras do Saviñao no ano 1993 para a súa restauración que continuou ata o 2015 xa da man da Fundación Xosé Soto de Fión.

A viaxe ao noso pasado recente comeza no interior dun dos edificios, antigamente utilizado como palleira, almacén e cortes; agora é o espazo onde lembramos o difícil momento que tiveron que vivir moitos dos nosos veciños e veciñas, aló polos anos 50 e 60, ao deixar os seus fogares, as súas fincas, o seu xeito de vida e as súas lembranzas esquecidas baixo as augas de Os Peares e Belesar. Fotografías de época, embarcacións tradicionais e artes de pesca mergúllannos na cultura fluvial do Miño e nos trinta e dous lugares asolagados.

Ao saír atoparémonos co impoñente edificio de pedra con forma en "U" do antigo Pazo de Arxeriz; con máis de catrocentos anos ás súas costas foi testemuña de numerosos feitos memorables entre os que destacamos a creación e desenvolvemento dunha das primeiras industrias transformadoras de lácteos de Galicia, Granja Arjeriz, a predecesora de LARSA.

As salas restantes atópanse na Casa Grande ou Casa dos Escudos. Na planta nobre conservamos a antiga lareira cos útiles fundamentais presentes nos fogares galegos, varios cuartos ambientados con mobles antigos e o salón, que está a ser habilitado paseniñamente para albergar as pezas atopadas durante as sucesivas escavacións realizadas no castro de Arxeriz. Saír á solaina do pazo é tamén unha agradable experiencia, dende onde se pode divisar a extensión da finca do pazo, os xardíns, hortas e a paisaxe de ribeira.

Na planta baixa, antigas cortes do pazo, dúas salas achégannos ao territorio de xeito máis concreto cunha maqueta da zona onde están representados os núcleos de maior poboación e o patrimonio máis destacado da Ribeira Sacra; mentres que os traxes do entroido ribeirao deixan patente a importancia desta festividade de fonda raigame na cultura ribeirá que se segue a celebrar na ribeira chantadesa grazas ao traballo da Asociación de Amigos do Entroido Ribeirao. Remate das exposicións é a sala da viticultura tradicional, onde un gran número de pezas singulares relatan o proceso artesanal que se levaba a cabo na maior parte dos fogares da nosa ribeira.

Estamos obrigados a mentar a próxima apertura, nun antigo edificio que funcionou como palleira, dunha sala que recollerá a pegada dun dos elementos fundamentais da cultura labrega e agraria de Galicia: o carro, que se verá acompañado dunha exposición permanente dedicada ao Folión de Carros de Chantada, Festa de Interese Turístico que segue a poñer en valor este apeiro tan noso.

No exterior, fragas, xardíns e cultivos conforman unha paisaxe que muda coas estacións e que recolle dende as especies autóctonas máis destacadas do país ata as máis exóticas das antípodas. Un paseo entre a natureza fará de guía para achegarse ao elemento que máis sorprende a todos os visitantes: o castro de Arxeriz, un poboado fortificado de máis de dous mil anos que vixía o meandro do Miño dende o alto. No 2011 comezou a ser estudado coa primeira das cinco campañas de escavación que se levan efectuado; ademais de restos pétreos, cerámicos e metálicos, deixaron ao descuberto dezaseis estruturas que cumprían a función de vivendas, almacéns e celeiros, que poderán descubrir por vostedes mesmos durante a súa visita.

**José Antonio Quiroga Díaz**
Director

# O Museo Etnográfico do Concello de Quiroga no Camiño de Inverno a Compostela e no Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel

O día 11 de abril de 2019 o territorio lucense **Montañas do Courel**, formado polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil, converteuse no primeiro **Xeoparque Mundial da UNESCO** de Galicia. Este recoñecemento internacional é froito da posta en valor da xeoloxía local dende o ano 2002, mediante a súa promoción a través de miradoiros, museos, centros de interpretación e publicacións.

O relevo das Montañas do Courel presenta dúas áreas diferentes, unha situada ao norte e outra ao sur, por onde discorre o Camiño de Inverno. Ao norte érguese a Serra do Courel culminada polo monte Formigueiros (1.639 m de altitude) e pico Pía Paxaro (1.613 m ), aproximadamente no centro das denominadas Serras Orientais de Galicia. As augas dos ríos da parte norte das Montañas do Courel discorren cara ao lendario río Sil que domina o sur das Montañas do Courel, que podemos coñecer percorrendo de leste a oeste o **Camiño de Inverno**. Aínda que menos coñecido, este camiño é unha alternativa ao Camiño Francés a Santiago de Compostela, que bordea o norte do Xeoparque, e que é empregado por moitos peregrinos dende toda Europa. Así, ambos camiños constitúen unha importante porta de acceso ás Montañas do Courel. Moitos peregrinos detíñanse en Ponferrada a esperar a que a neve abandonase O Cebreiro, mentres que outros optaban por seguir o río Sil para adentarse en Galicia seguindo un camiño que os levaba polo val do Sil a través do Barco de Valdeorras, A Rúa, Quiroga e San Clodio, dende onde ascendían polo val do Lor ata chegar a Pobra de Brollón e Monforte de Lemos. Aquí, os peregrinos pasaban a Chantada e tras cruzar A Serra do Faro, Lalín e Silleda, chegaban ao seu destino en Compostela.

O val do río Sil atópase encaixado máis de 600 m no relevo, formando un gran val de 30 km de lonxitude que constitúe a principal vía de comunicación da rexión dende probablemente a Prehistoria. As relativas baixas precipitacións que caen neste val permiten o desenvolvemento dun microclima mediterráneo, moi agradable para gozar a pé. O val do río Sil está moi humanizado dende a chegada dos romanos, que ocuparon as montañas do Courel construíndo castros coma xa facían os seus habitantes que colonizaron previamente o territorio, hai uns 4.000 anos. Os romanos explotaron máis de 100 minas de ouro no conxunto das montañas do Courel, destacando os xacementos auríferos do val do Sil, ligados maioritariamente a antigos depósitos fluviais.

Un dos Centros de Interpretación do Xeoparque Montañas do Courel é o **Museo Etnográfico do Concello de Quiroga**, emprazado na planta baixa do Auditorio Municipal de Quiroga, na Rúa Real da capitalidade do municipio. Abriu as súas portas o día 24 de marzo do 2007 coa ilusión de investigar, recuperar, xuntar, expoñer e polo tanto protexer o Patrimonio Cultural en todas as súas facetas.

Os contidos do Museo Etnográfico de Quiroga están relacionados, por unha banda cos catro produtos típicos da comarca: o viño, a castaña, o aceite e o mel; por outra, cos catro materiais esenciais para o desenvolvemento da vida na contorna: a pedra, o ferro, a madeira e os tecidos. Tamén teñen o seu espazo, como non podía ser doutro xeito, o agro e a gandería, a estancia principal da casa: a lareira e a entrañable escola unitaria das nosas aldeas.

- **O mel:** os sistemas de produción variaron dende os ancestrais cortizos ata a moderna colmea de alzas. Presentámolos nunha recreación moi particular das ancestrais alvarizas que decoran por centos as nosas montañas.
- **A castaña:** espazo dedicado a algo tan noso como o proceso de secado da castaña e a súa evolución ata quedar limpa e lista para consumir durante todo o ano.
- **A adega:** representación dunha adega tradicional con materiais e aparellos relacionados con todo o ciclo do viño.
- **O aceite** é o produto singular das terras do Sil que, polo seu clima especial, producen o auténtico aceite autóctono de Galicia.
- **A pedra** é un dos materiais ancestrais da vida nestas montañas. Sen as duras e vellas rochas que forman parte do substrato das Montañas do Courel non se entenderían as nosas aldeas.
- **O pendello:** era unha das principais dependencias da casa tradicional. Nesta sala atópanse os elementos relacionados coa agricultura e a gandería.
- **Madeira:** o Museo recolle as dúas fases principais do traballo coa madeira: a súa obtención no bosque e a posterior transformación polos carpinteiros.
- **Ferro** (sala Agapito Vila): a tradición do ferro foi sempre grande nas Montañas do Courel; quince ferrerías abastecían de material as numerosas forxas existentes nas aldeas para a fabricación de todo tipo de pezas e ferramentas deste prezado material.
- **A lareira-dormitorio** é o corazón da casa tradicional, lugar de cociña e reunión por excelencia, e o dormitorio lugar de descanso.
- **A escola:** a recolleita de varios tipos de pupitres empregados nas vellas escolas unitarias do territorio, deu pé a pescudar nas aldeas na busca do resto dos elementos das entrañables aulas dos primeiros anos do século XX.
- **O sector téxtil:** la e liño traballáronse en numerosos teares como o que se exhibe no museo de Quiroga, onde se mantén viva, dende a súa apertura, a tradición das tecedeiras.
- **Aldea:** Todos os contidos presentes nesta colección teñen a súa síntese na recreación dunha aldea destas montañas coa exposición das maquetas que foron decorado da película galega de animación *O Apóstolo*, de "Artefacto Producciones".
- **O coche de Salvador Ontiveros Álvarez:** con moito orgullo conserva o Museo de Quiroga un dos primeiros vehículos a motor que circulou pola comarca.
- **A imprenta de Almacenes El Derroche**: Teas, roupa, calzado e papelería foron o seu forte, pero El Derroche tivo a primeira funeraria, o primeiro estanco, despacho de material eléctrico e venda de produtos fito-sanitarios, xoguetes modernos e, por suposto, a primeira e única imprenta da comarca.

**Ramón Vila Anca**

Director

# Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra

La Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, fundada en 1999, fue pionera por su iniciativa en recuperar, divulgar y lograr la oficialidad del Camino de Invierno. Un proyecto que surge, por aquella época, desde el Ayuntamiento de Monforte de Lemos, del que era teniente de alcalde y concejala de Cultura, financiando un estudio científico que se encargó a un equipo de expertos de la Universidad de Santiago de Compostela para que documentasen este camino jacobeo que, según Elías Valiña, seguía gran parte del curso del río Sil. El informe abarcaba la ruta por el sur lucense, a través de los concellos de Quiroga, Ribas de Sil, A Pobra do Brollón, Monforte de Lemos, Sober, Pantón, O Saviñao y Chantada. Municipios a los que el monfortino convidó a formar parte de una asociación que trabajara por esta ruta. Con un representante político por parte de cada uno de ellos, fui nombrada presidenta, cargo que ejerzo desde entonces, quedando inscrita entre las entidades promotoras del Camino de Santiago con el nº 102, según recoge el DOG de 27 de abril de1999.

Ese mismo año, la casa consistorial monfortina reunía a los alcaldes de las comarcas gallegas de Valdeorras y Deza, por donde suponíamos que discurría el trazado, con el fin de que fundamentasen sus raíces históricas. En 2004 decidimos abrir la asociación a la sociedad; era necesario involucrarla y hacerla partícipe para que conocieran este camino olvidado. Poco a poco el crecimiento de la asociación fue exponencial, rebasando hoy los cuatrocientos socios. Esta nueva

etapa marcó el inicio de un trabajo muy intenso por parte de la asociación, que abarcaba tanto el desarrollo de una programación anual, estableciendo recorridos y contactos con las otras comarcas por donde discurre el Camino, como tareas de investigación y recopilación de documentación y publicaciones. Igualmente reivindicamos la oficialidad de esta ruta jacobea.

Al principio, a esta ruta se la conocía como Camiño Sur, basado en el primer estudio, que sólo comprendía el sur lucense. Alrededor de 2006 aparece por primera vez en nuestras publicaciones la denominación de camino de invierno, basada en los documentos que se refieren a este camino como el elegido por muchos peregrinos en invierno para evitar cruzar las cumbres nevadas de O Cebreiro. Varios hitos marcaron la historia del trabajo intenso y constante de nuestra asociación a favor del Camino de Invierno, entre ellos la publicación en 2004 de la primera guía del Camino y la primera web sobre el trayecto por A Ribeira Sacra. Y en 2010 publicamos ya el primer sitio web completo del Camino: www.caminodeinvierno.com. La entidad también fue pionera en la señalización por A Ribeira Sacra, primero con flechas amarillas, luego, en 2005, por medio de paneles con el mapa del Camino por cada municipio lucense. En 2008 colocamos los primeros cien mojones de granito por A Ribeira Sacra, que en años sucesivos se fueron ampliando. Además, en 2010, señalizamos los cascos urbanos de Monforte y Chantada, colocando *vieiras* de cerámica en el suelo. A la par hicimos trabajo de campo, participamos con ponencias en congresos, publicamos en diversos medios, realizamos numerosas charlas con diferentes colectivos, entre los que priorizamos los escolares. En cuanto a publicaciones, quisiera destacar nuestra *Guía del Camino de Invierno*, que acabamos de reeditar en castellano, y en inglés en 2017; el anuario científico *Vía Jacobitana*. *Camino de Invierno*, cuyo objeto es poner en valor el patrimonio que gira en torno al Camino, fundamentalmente en A Ribeira Sacra, un territorio de cien km que por su singularidad paisajística y por la cantidad de iglesias y monasterios románicos que alberga ha sido propuesto para ser declarado Patrimonio de la Humanidad.

Tras lograr el ansiado reconocimiento oficial del Camino de Invierno como ruta jacobea, tal como acredita la Ley 5/2016 de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia, esta asociación se marcó nuevas metas. Planteamos al gobierno local, crear en Monforte un centro de acogida de peregrinos que sirviese, al mismo tiempo, de centro de interpretación de la ruta y biblioteca jacobea. A esta reivindicación se suma la insuficiencia de albergues, que seguimos demandando, así como el acondicionamiento de determinados tramos. Entre tanto, nosotros seguiremos investigando, publicando y divulgando el Camino de Invierno.

**Aida Menéndez Lorenzo**
Presidenta

# Asociación Amigos do Camiño de Santiago por Valdeorras

A Asociación Amigos do Camiño de Santiago por Valdeorras goza de continuidade logo de dezanove anos traballando a prol do Camiño de Inverno. Lembro os seus inicios en que os socios fundadores tiveron a afouteza de tirar cara adiante a fermosa aventura de recuperar este camiño. Non quixera esquecer a imaxe daquel día en que atopei tirado no chan un mapa que recollín e que por detrás tiña un formulario para facerse socia. Os principios sempre son heroicos. E os heroes e heroínas desta historia fan unha asociación que se fundamenta principalmente na amizade, con maiúscula, e na peregrinaxe e a irmandade. Sen a acollida de Ramón, o primeiro presidente, a hospitalidade do catedrático de Historia Ramón López Caneda, a biblioteca do Instituto de Estudos Valdeorreses, o investigador do CSIC Isidro García Tato, o Celín e tantos outros que van recollendo a memoria das células do corazón, esta Asociación non estaría hoxe formando parte da historia xacobea.

Actualmente temos 130 socios e socias. Desde 2011 facemos un programa na radio local, *Bo camiño*, e todos os anos facemos a pé o Camiño de Ponferrada a Santiago. Temos unha páxina web, www.caminodeinvierno.es, que xestiona José Rúa Pérez. A cesión da capela de San Andrés que se atopa no Camiño vai ser punto de información ao peregrino. Cada dous anos imos en autocar a Santiago para facer visible Valdeorras e formamos parte do Grupo de Desenvolvemento Rural. Somos membros fundadores da recentemente constituída Federación Galega de Albergues do Camiño (FEGAC), ocupándonos da súa Secretaría. Estamos a miúdo no trazado do Camiño vixiando a súa seguridade,

para non pór en risco a vida dos peregrinos. Pintamos frechas e limpamos se fai falta a senda. Facemos xornadas, feiras e feiróns, conferencias e outras accións divulgativas. O sitio web está sempre ao día coas últimas informacións e tamén nos aledamos xuntándonos co resto de asociacións. Temos viaxado á Feira Internacional de Turismo (Madrid), Mondoñedo, Tui, Intur en Valladolid, Bruxelas, a Festa do Cocido en Lalín, a Baco Festa e a feira medieval de Tremiña e, ultimamente, a Pamplona.

Somos unha Asociación dinámica que fai o seu traballo voluntario porque lle sae da ledicia do corazón e sabe da categoría humana do peregrino solidario co resto da humanidade deste planeta. E o que prima en nós é a acollida ao peregrino.

## O trazado do Camiño

O Camiño transita polo antigo Camiño Real e a calzada romana. O protagonista vai ser o río Sil e, na contorna, pontes medievais, malecóns, viñas, adegas, covas, igrexas (románicas, neoclásicas, neogóticas, modernas), petróglifos, pazos, mosteiros, abadías, capelas e castros. Temos natureza de ribeira e de montaña. Combina o antigo e o moderno nas vilas de Sobradelo, O Barco, Vilamartín e A Rúa coa acollida das súas xentes. Todo este patrimonio vai acompañando o peregrino desde que principia en Quereño ata que remata en Albaredos, na provincia de Lugo.

**Asunción Arias Arias**

Presidenta

# Asociación Camino de Invierno a Santiago por El Bierzo



David Pacios, Miguel Raimundez y yo mismo decidimos hace cuatro años revitalizar la asociación que habían creado años atrás los alcaldes de los ayuntamientos de Priaranza del Bierzo, Borrenes, Carucedo y Puente de Domingo Flórez. Con la colaboración desinteresada del periodista radiofónico Luis del Olmo –natural del Bierzo– convocamos la primera etapa desde Ponferrada a Borrenes. Fue un éxito rotundo, ya que participaron unas cuatrocientas personas, así que decidimos continuar hasta Santiago, reuniendo una media de ciento veinticinco peregrinos en cada jornada. Y en la última etapa entramos trescientas personas en Santiago. Nuestro propósito siempre fue promocionar el Camino, y en este empeño seguimos con ahínco, ya que creemos en él como motor de desarrollo económico de la zona, respetando su dimensión religiosa y espiritual.

Uno de los principales problemas que sufrimos es que la Junta de Castilla y León no acaba de reconocerlo oficialmente, a pesar de que nuestra administración autonómica le otorgó dos subvenciones: una para la señalización y otra para un albergue. Lo que sí veo es que gracias a la divulgación que hemos hecho desde nuestra asociación observamos un constante crecimiento de peregrinos. Nuestras previsiones son que el próximo año jacobeo 2021 pasarán al menos doscientos cada día por aquí. Paso a paso y, como decía Antonio Machado, se hace camino al andar.

**Saturnino Astandoa Blanco**
Presidente

# El principio berciano

El azar hizo que la semana en que el Parlamento de Galicia otorgaba carácter oficial al Camino de Invierno un avezado grupo de la Asociación de Antiguos Alumnos de la Universidad de Santiago iniciase la ruta jacobea en Ponferrada. En la tierra minera coincidieron con *101 km peregrinos*, extraordinario acontecimiento deportivo y social que integra a tres mil participantes que hacen la prueba en bicicleta, la gran mayoría, y el resto corriendo y andando.

Es sábado y el día abre con sol y seis grados, los ambulantes ya instalan sus puestos entre el mercado municipal y el Sil. Por el puente que sube al arrogante castillo salen ciclistas, corredores y senderistas, hasta cruzar otro puente, sobre el río Boeza, y toparse con el mojón que señala el camino alternativo al francés. Históricamente los peregrinos lo elegían para evitar O Cebreiro en la estación más dura del año. El pelotón se estira, se cuartea y se rompe a la altura de la fábrica de embutidos Pajariel, entrando ya en el monte. El heterogéneo grupo habla gallego, asturiano, vasco, andaluz, madrileño, catalán, berciano, leonés… Qué riqueza de acentos: "¡¡¡Vamos, Julianín!!!", le gritan para animarlo. No tiene precio la alegría de compartir los caminos y las sendas y charlar un ratín.

En Toral de Merayo, tras participar del avituallamiento general, el subinspector Osorio de la Policía Local de Ponferrada nos informa, solícito, de la dirección correcta. Campo arriba Paco pasea jubiloso con su cachava y me habla de Rimor, un pueblo lleno de cerezos. En Villalibre se separan la ruta ciclista y el Camino de Santiago, mientras el calor empieza a apretar por Santalla, desde cuyo balcón hacemos fotos panorámicas. Las voces de la carrera acompañan igualmente, ya más cerca ya traídas por los chopos. En la subida al castillo de Cornatel conversamos con una pareja de Castroverde, villa lucense por la que pasa el Camino Primitivo. A trancas llego a las Barrancas, un limpio corte vertical de la montaña que anticipa la escenografía de Las Médulas.

Por Villavieja evitamos un tramo coincidente con la prueba, para que no nos arrollen los ciclistas que, embarrados, vienen ahora hacia nosotros, mientras las templarias para la ocasión los jalean hasta desgañitarse. En Borrenes descansamos de esta primera etapa, mientras Saturno lamenta, indignado, que la Junta de Castilla y León no quiera reconocer el Camino de Invierno. Como escribió Machado, se hace camino al andar. Y este lo va a andar cada vez más gente. Así que aunque no haya inversión pública, los peregrinos de hoy pondremos la historia en su sitio.

***Peza publicada en maio de 2016***

**Manuel Fraga Carou**
Director de Comunicación
Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC

# Camiño de inverno
de Ponferrada a Compostela



**Castelo de Cornatel**

PRIARANZA DEL BIERZO

**Arco do Castelo de Cornatel**

PRIARANZA DEL BIERZO

**David Pacios**

PRIARANZA DEL BIERZO

**Saturnino Astandoa**

Presidente da Asociación de Camino de Invierno a Santiago por El Bierzo
BORRENES

**Socorro Rodríguez**

Casa Socorro
Las Médulas
CARUCEDO

**Las Médulas** (antiga explotación aurífera romana). Patrimonio da Humanidade. CARUCEDO

**Descenso do río Sil**

Sobradelo
10 de setembro de 2016
Conmemoración dos 50 anos da proba
CARBALLEDA DE VALDEORRAS

**Pontenova de Sobradelo**

CARBALLEDA DE VALDEORRAS

**Raúl Díaz**

Éntoma
O BARCO DE VALDEORRAS

**Montserrat Rodríguez**

Pazo do Castro
O BARCO DE VALDEORRAS

**Pasarela**

Une O Malecón co Salgueiral
O BARCO DE VALDEORRAS

**Sonia Rodríguez**

Radio Valdeorras (Onda Cero) e *Somos Comarca*
O BARCO DE VALDEORRAS

**Mosteiro de San Miguel de Xagoaza**

O BARCO DE VALDEORRAS

Valdeorras e Pena Trevinca desde **Roblido**

A RÚA

**Ramón García** e **Asunción Arias**

Presidente fundador e presidenta actual
da Asociación Amigos do Camiño
de Santiago por Valdeorras
Roblido
A RÚA

**Igrexa neogótica**

Fontei
A RÚA

Montefurado
QUIROGA

**Guadalupe Rodríguez**

Muíño de aceite
Bendilló
QUIROGA

**Olivas de Bendollo**

Oliveiras de Manuel Mondelo Empresa Aceiroga
QUIROGA

**Manuel Mondelo**

Bendollo
QUIROGA

**Jesús Bao** e **Julio Quiroga**

Empresa Ouro de Quiroga
QUIROGA

**Muíño de Montefurado**

Cedido ao Museo Etnográfico Municipal
por Antonio Rodríguez e Baltasar Mondelo
QUIROGA

**Ramón Vila**

Director do Museo Etnográfico Municipal
QUIROGA

**Covas do Medo**

Margaride de Lor
QUIROGA

**Olga Aira**

Presidenta da Asociación de Veciños Margaride de Lor
QUIROGA

**Colexio da Nosa Señora da Antiga** (Os Escolapios)

MONFORTE DE LEMOS

**Aida Menéndez**

Presidenta da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
MONFORTE DE LEMOS

**Ponte Vella**

MONFORTE DE LEMOS

**Daniela Vázquez**

Ecomuseo Pazo de Arxeriz
Fión
O SAVIÑAO

**Susana García**

Casa de turismo rural Torre Vilariño
Fión
O SAVIÑAO

**San Martiño da Cova**

O SAVIÑAO

Río Miño e Cabo do Mundo

Uvas brancas da Ribeira Sacra

**Capiteis de San Paio de Diomondi**

O SAVIÑAO

Camiño de Inverno de Ponferrada a Compostela

**Carlos Eduardo Salazar**

Párroco de Diomondi
O SAVIÑAO

**Belesar no outono**

CHANTADA

**Uvas tintas de Belesar**

CHANTADA

**Antonio Vázquez**

Guía da Igrexa de Santa María
Nogueira de Miño
CHANTADA

**Campás da Igrexa de Santa María**

Nogueira de Miño
CHANTADA

Camiño de Inverno de Ponferrada a Compostela

**Interior da Igrexa de Santa María**

Nogueira de Miño
CHANTADA

# BENVIDA PALPABLE

Prendede un lume ben grande
que hai vento e nevarada
se alguén se perde na noite
onda nós ha ter pousada.

PAM PA RI PA PAM PAM, PAM PA RI PA POM
RESOA O PANDEIRO DOS BOS CORAZÓNS.
PAM PA RI PA PAM, PAM PA RI PA POM.

Ai, esta cantareliña,
xentiña cantai comigo,
que esta vella zanfoña
ledicia trae consigo.

JA JA JI JA JA JA, JA JA JI JA JO,
QUE LEDA É A VIDA, CON PAZ E AMOR.
JA JA JI JA JA JA, JA JA JI JA JO.

Repeniquen campaíñas
recordando ao mundo enteiro
que Paz, Amor e Xustiza
cómpre sementar primeiro.

TLANGANILALANDA, TLANGANILALOM
ESPERTADE TODAS QUE HAI MOITA LABOR.
TLANGANILALANDA, TLANGANILALOM

Mil grazas polos sorrisos,
e os esforzos compartidos,
De tódalas mans dispostas
a facer un mundo amigo.

PAM PA RI PA PAM PAM, PAM PA RI PA POM
RESOA O PANDEIRO DOS BOS CORAZÓNS.
PAM PA RI PA PAM, PAM PA RI PA POM.

Vai por vós!

Letra e Música: **Francisco do Romualdo**

**Francisco Almuíña**

Casa do Romualdo
Vilela
TABOADA

**Liliana López** e **Elvira Varela**

Taberna do Peto
Penasillás
CHANTADA

**Panel de Peteiro**

Monte Faro
RODEIRO

**Emiliano García**

A casa do Gato e Albergue Lalín Centro
LALÍN

**Ponte Taboada**

Río Deza
SILLEDA e LALÍN

**Antonio Cañete** e **José Rúa**

Peregrino e o autor
da *Guía del Camino de Invierno* no Pico Sacro
BOQUEIXÓN

Promove e organiza

ALUMNI USC
CAMIÑO DE INVERNO

Patrocina

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA

Copatrocinadores

oca HOTELS

LA GALICIANA
MERCADO GASTROGALAICO

Coexpositores

FUNDACIÓN XOSÉ SOTO DE FIÓN

ECOMUSEO PAZO DE ARXERIZ
COLECCIÓN VISITABLE

museo etnográfico
municipal de quiroga

Colaboran

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

ASOCIACIÓN CAMINO DE INVIERNO A SANTIAGO POR EL BIERZO

Asociación Amigos do Camiño por Valdeorras

ASOC. CAMINOS A SANTIAGO POLA RIBEIRA SACRA

CONCELLO DE QUIROGA

vialáctea
COMUNICACIÓN